

# CEIP DA POBRA DO BROLLÓN

## MEMORIA DO PLAN LECTOR

**CURSO 2015/16**

## **1. OBXECTIVOS QUE NOS PLANTEXAMOS:**

### **1.1.- XERAIS:**

- Desenvolven de forma planificada e secuenciada todas as habilidades relacionadas coa comprensión lectora de cara á aprendizaxe, a lectura por placer e o alcance do hábito lector e a súa conservación e evolución despois da idade escolar.
- Fomentar en todos os membros da comunidade educativa o valor e aprecio da biblioteca como centro de comunicación, lugar de formación e como ferramenta de traballo.
- Desenvolver habilidades de información que capaciten aos estudantes para aprender a aprender, para a investigación, aproveitar e compartir os recursos da biblioteca.
- Formación de lectores competentes e consolidación de hábitos de lectura.
- Lectura de todo tipo de textos e en todo tipo de soportes.
- A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social. Recursos culturais do entorno (bibliotecas públicas, familiares, e outras infraestructuras culturais.)
- Empleo de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.
- Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.

### **1.2.- ESPECÍFICOS:**

#### **En relación co alumnado.**

- Mellorar a comprensión lectora e a comprensión oral.
- Ler de forma expresiva. Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entonación adecuadas.
- Ampliar vocabulario.
- Comprender distintos tipos de textos.
- Ler de forma autónoma e asidua.
- Apreciar o valor dos textos literarios.

Competencias clave:

- Utilizar a lectura como ferramenta para obter información.
- Utilizar a lectura como fonte de riqueza persoal.
- Utilizar ferramentas e recursos da Biblioteca.
- Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como fontes de consulta.

**En relación co Centro Educativo e o Profesorado.**

- Facilitar a través da información, unha mellora no coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensino máis adecuadas para levala á práctica.
- Potenciar a integración da lectura na dinamización da clase.
- Fomentar o hábito da lectura diaria e a afección pola lectura como un ben cultural en sí mesmo e en tempo de ocio.
- Axudar na organización da biblioteca como centro de documentación e recursos.

**En relación á Comunidade Educativa:**

- Fomentar o uso da biblioteca, por parte de pais e nais, como Centro de documentación , recursos e lugar de formación.
- Favorecer que as nais e pais se convirtan en cómplices para estimular a lectura das súas fillas e fillos no tempo de lecer.

**2.- ÁMBITOS E CRITERIOS EMPREGADOS NA PLANIFICACIÓN:****2.1.- CONTIDOS:****Educación Infantil:**

- Interés pola linguaxe escrita e valoralo como instrumento de información e disfrute, e como medio para comunicar desexos, emocións e informacións.
- Interpretacións de imaxes, carteis, fotografías, etc. Que acompañan a textos escritos, establecendo relación entre ambos.
- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación dalgunhas palabras escritas que fagan referencia ao entorno habitual e cotiá da nena e do neno.

- Atención e comprensión de narracións, contos e outras mensaxes lidas por un adulto.
- Coñecemento e aceptación das normas de comportamento establecidas para o uso correcto da biblioteca.
- Actuación relativamente autónoma, no manexo e utilización de libros que integran a biblioteca.

### Educación primaria:

- Medios nos que se presenta a linguaxe escrita: libros, periódicos, carteis, etc.
- Comprensión de todos os elementos do texto ao longo do proceso lector.
- A lectura como fonte primordial de disfrute, aventura, ocio, diversión e saber.
- A produción de textos escritos con distintas intencións e en diferentes situacións de comunicación.
- Utilización da biblioteca para satisfacer as necesidades concretas de información, acordes cos propios gustos e intereses.
- Formarse para a búsqueda interna de documentos : índices , sumarios....
- Contribución á correcta conservación dos materiais da biblioteca.

Para poder conseguir ditos obxectivos plantexámonos unha serie de actuación que se levaron a cabo na medida do posible. A continuación amosámosbos de forma escrita e gráfica todas aquelas actividades que se fixeron para promover o Plan Lector dende o centro.

### 3.- PROGRAMACIÓN ANUAL TEMPORALIZADA:

#### 1º Trimestre:

<p><b>Día das Bibliotecas Escolares</b></p> <p>O día comezou lembrando a <b>distribución da biblioteca</b>: a zona de infantil e 1º e 2º (vermello); a zona de 3º e 4º (verde) e a de 5º e 6º (amarelo). É un bo momento tamén para repasar as normas.</p> <p>DEspois tomaron <b>protagonismo os contos</b> e cada grupo contou o seu conto</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/518">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/518</a></p>
---	--

<p><b>-1º e 2º: “O pallaso que non quería facer rir”.</b></p> <p><b>- 3º e 4º: “para morrer de risa”</b></p> <p><b>-5º e 6º: “Quen me quere adoptar”?</b></p> <p>Despois, chegou un dos momentos máis agardados polo nenos/as: a sorpresa que este ano foi...<b>bolsas de chuches con forma de bolboretas colocadas enriba dos contos</b>. Algo que nos pareceu moi significativo, que fala por si só.</p> <p>Xunto con este agasallo, recibiron o <b>marcapáxinas do colectivo Lemos Le</b>. No reverso, contén un texto de Olga Novo escrito para o Día Das Bibliotecas.</p>	
<p><b>Samaiñ: do 26 ao 29 de outubro,</b> os pais/nais/familiares do alumnado viñeron a contar historias de medo na hora de ler; sempre cunha mensaxe moi clara, unha conclusión, unha moralexa que aprendemos de cada conto..</p> <p><b>Luns:</b> Marín e Lidia “Érase unha vez unha ovella”</p> <p><b>Martes:</b> Marisa; “O home Lobo” e “a serpe máxica”</p> <p><b>Mércores:</b> Javier “UNHa voda moi encigüeñada” Isabel; Un conto viaxeiro escrito no ano 2003 por nenos da comarca de Lemos.</p> <p>Xoves: Sandra, Un conto de labor.</p> <p>3º,4º,5º e 6º visitaron o centro de día para compartir historias de medo.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/taxonomy/term/14">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/taxonomy/term/14</a></p>
<p><b>25 de novembro, día da non violencia de xénero</b></p> <p>O alumnado de 4º leu “<b>Nera, a Ferreira</b>”, de <b>Imelda Barrio</b>.coa temática da igualdade e o compromiso de loita.</p> <p>Imos vendo como Nera crece coas ideas claras,</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/528">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/528</a></p>

<p>reivindicándose, loitando pola igualdade, pola xustiza...chega a ser ferreira e ademais xefa.</p> <p>Os alumnos/as de <b>5º e 6º</b> leron <b>A Lagoa das nenas mudas</b>, de <b>Fina Casalderrey</b>. Coa temática dos malos tratos.</p> <p>Tamén lemos Xela voveuse vampira outra obra que reflexa as consecuencias da violencia de xénero.</p> <p>Reflexionamos, sacamos ideas e log elaboramos dous murais con dous lemas:</p> <p>Se doe non é amor</p> <p>Usa ben as mans!</p>	
<p><b>Festival de Nadal:</b></p> <p>Recollida de panxoliñas tradicionais, elaboración dun mural.</p> <p>XXV Certame de contos de Nadal.</p> <p>Convivencia co centro de día, contos de nadal.</p> <p>Festival o día 18 de decembro de 2015: panxoliñas, teatro, entrega de premios aos gañadores do certame.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/532">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/532</a></p>
<p><b>2º TRIMESTRE</b></p>	
<p><b>Día da non violencia A Paz.</b></p> <p>Por medio dos clubs de lectura lemos en</p> <p>3º,4º: “O elefantiño dunha soa orella”</p> <p>5º,6º “O Carteiro de Bagdag”.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/534">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/534</a></p>
<p><b>Día de Rosalia, 24 de febreiro</b></p> <p>Commemoramos este día xonxuntamente co concello.</p> <p>Asistimos a casa da cultura para ver nunha presentación a vida de rosalia, agaslláronno cunha flor e unha pasta.</p> <p>Ao longo destes días <b>traballamos no centro en torno a Rosalía de Castro</b>: profundizamos na súa <b>biografía</b>,</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/538">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/538</a></p>

<p>coñecemos máis a fondo a súa <b>obra</b>, <b>entendemos o que significa para Galicia</b>, para todos nós...<b>O seu recuncho</b> ensinounos algo cada día.</p> <p>Limos “A Pantasma da casa da matanza” recitamos o poema negra sombra e debuxámolo.</p> <p>Despois o alumnado tamén creou poemas.</p>	
<p><b>Presentación do conto M<sup>a</sup> Castaña.</b></p> <p>Asistimos a casa da Cultura para a presentación deste conto que elaborou o CIM de Monforte con motivo do día da muller e no que coalaboramos os centros da zona coas ilustracións da historia, pois M<sup>a</sup> Castaña foi a muller da zona do ano 2016.</p> <p>Tamén nos deron a coñecer a muller do ano 2017 sobre a que traballaremos, Lola de Penelas unha oleira de Sober.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/542">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/542</a></p>
<p><b>3º TRIMESTRE</b></p>	
<p><b>Visita de Xosé Lois García.</b></p> <p>Visitounos no mes de abril, así que nos achegou aos libros, e a dous escritores á vez, a él mesmo, Xosé Lois, e a Manuel María pois veunos a contar parte da vida, anécdotas, inquedanzas, intereses... deste escritor co que compartiu experiencias e sobre o que publicou dous libros.</p> <p>Compartimos esta actividade cos nosos amigos do centro de día.</p> <p>Levamos xa tempo traballando sobre Manuel María: visitamos a súa Casa Museo, participamos no calendario do Colectivo Pedagóxico Estiño, e na elaboración da revista do mesmo nome con pasatempos, indagamos na súa vida e obra cun <b>recuncho</b> que recolle todos os libros que temos del no centro.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/548">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/548</a></p>

<p><b>Día do Libro</b></p> <p>O venres 22 de abril conmemoramos o día do libro e nada mellor que renderlle homenaxe a estes grandes amigos lendo contos.. Así que os nen@s de 3º,4º,5º,e 6º prepararon un conto nos días anteriores.</p> <p>O 22 na hora de ler cada nen2 de infantil, 1º e 2º escolleu un nen@ dos contacontos ao azar, e como facia bo, elixiron un lugar do patio para contarlle o conto.</p> <p>Coñecemos tamén aos mellores lectores deste curso que levaron un premio.</p> <p>Entre tod@s nesa semana elaboramos un conto viaxeiro que percorreu as aulas, naceu en infantil co título de “ <b>O soño de Martiño</b>” e rematou en 5º e 6º...así que aproveitamos para lelo.</p> <p>Despois tod@s tiveron un agasallo o marcapáxinas do plambe deste curso.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/552">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/552</a></p>
<p><b>Festival Letras Galegas.</b></p> <p>Ao longo do curso traballamos sobre a figura de Manuel María. Visitamos a casa museo en Outeiro de Rei, colaboramos na elaboración do calendario Estiño e da revista do mesmo nome creando pasatempos sobre Manuel María.. pois agora toca máis unha semana cultural na que cada día coñeceremos algo de Manuel María e que rematará co festival no que cantaremos con rap a súa vida, recitaremos poemas do seu libro “Os soños na gaiola” cos que logo traballaremos convertíndolos en caligramas. O alumnado de 3º e 4º representou unha obra súa Berenguela e cantamos dous poemas o “Carro” e “Canto ao idioma galego”.</p> <p>Ademáis outras actuacións como o teatro de infantil “Pedro e o lobo”, o guiñol de 5º e 6º “o misterioso ovo esférico” e a peza de teatro tamén de 5º e 6º “O cambio climático” e o club do chiste de 4º.</p>	<p><a href="https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/555">https://www.edu.xunta.es/centros/ceippobrabrollon/node/555</a></p>



<p><b>Semana cultural letras Galegas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Luns 9: Profundamos na vida e obra de Manuel María.</li> <li>• Martes 10: Coñecemos os nomes das partes do carro e do arado coa colaboración de Chinco.</li> <li>• Mércores 18: Obradoiro “A música e Manuel María” (“A vaca”, “A cidade”)</li> <li>• Xoves 19: Intercambio co CEIP Santa María de Castro (Boiro) para contar Lendas da zona e recitar poemas de Manuel María.</li> </ul>	
--	--

## OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

**Mochilas Viaxeiras:** No 2º trimestre iniciamos en todos os cursos de primaria a mochila viaxeira. Esta actividade gústalle moito aos rapaces e é moi ben acollida polas familias.

En infantil fíxose durante todo o curso; os ne@s levaron un conto para a casa os fins de semana, de venres a luns.

En primaria a mochila estivo con cada familia 3semanas. Contén libros en galego castelán de poesía, narración, xogos multimedia, unha película, documentais.... E .un caderno viaxeiro no que van escribindo as familias.

Elaboramos un texto para dirixirnos con él as familias, distribuimos as páxinas no caderno viaxeiro con fotos do alumnado para motivalos a crear os seus recunchos coa súa familia.

### Día mundial da árbore e da poesía

. Ao longo desta semana limos o conto **“O castiñeiro dos desexos”**, unha actividade en colaboración coa Deputación de Lugo que nos enviou os contos e o castiñeiro.

Despois traballamos con esta historia, e reflexionamos sobre ela, a importancia das árbores e da nosa contorna-

Rematamos plantando en equipo o noso castiñeiro.

## Clubs de Lectura

### Este curso creáronse varios clubs de lectura.

Cuarto aproveitando a hora de libre configuración. Leron “Nera a Ferreira”, “o mundo ao revés” e “O neno can”.

3º,4º dentro da hora do Plan lector; Lemos tres libros: ” Malos tempos para os fantasmas” de Agustín Fernández Paz, “Xela volveuse vampira” de Fina Casalderrei e “O elefantiño dunha soa orella”

5º e 6º. Leron: “Dúas bágoas por máquina”, “Pantasma no corredor”, “O carteiro de Bagdag”.

Club de lectura co centro de día. Resultou unha actividade moi enriquecedora na que compartimos reflexións, vivencias nen@s e maiores. Celebramos as reunións o último mércores ou xoves de cada mes para alternar co alumnado de 3º e 4º ou 5º e 6º Algunhas veces resultaba tan interesante que nos xuntabamos todo o grupo: 3º, 4º, 5º e 6º.

Compartimos con eles:

-Un capítulo de Memorias dun neno labrego o can de Balbino e dúas bágoas por máquina e debatimos sobre o maltrato aos animais.

- Historias de medo. Os nosos rapaces contáronlles contos de medo recollidos nazona. Eles contáronlle aque lletían medo cando eran nen@s. Achegáronnos a mitos como o papón,o home do saco, o sacauntos....

- Contos de Nadal, Os nosos rapaces léronlles panxoliñas recollidas da zona, que algún sabía cantar. Así puxémoslle música. Eles contáronnos trasnadasque se facian polo Nadal...

- As tradicións do entroido. No colexio celebramos os compadres e as comadres, pero achegáronnos coas súas vivencias ás celebracións de antes e as tremendas disputas entre homes e mulleres....como houbo un tempo que estivo prohibido o entroido...

En marzo traballamos con Rosalía. Na reunión co centro de día foi dende 3º,4º,5º,e 6ºº pois recitamos poemas de Rosalía, creados polos alumn@s... Os maiores tamén nos recitaron poemas de Rosalía, “Castellanos de Castilla” e fixeron de guía nunha exposición de materiais antigos que tiñan no centro. Así vimos como se fiaba a lá, mecheiros, maletas, e o conto con troquelados da Carapuchiña vermella

Xa en maio levamos a cabo a última xuntanza deste curso e falamos de Manuel María....recitáronnos o poema do carro e nós a eles varios do libro “Os soños na Gaiola”. Agasalláronnos cunha libretiña feita por eles que nos servirá de axenda....Moitas grazas por ensinarnos tanto.

**Revista Escolar Outeiro:** Na súa redacción participa todo o colexio, inda que a maioría dos traballos lévanos a cabo no nomes de maio, pasado o festival das Letras Galegas os rapaces de 3º,4º,5º e 6º. Agora convírtense en reporteiros para lembrar as experiencias máis salientables ou crear os seus propios contos, poemas, debuxos, e dar vida a Revista escolar Outeiro que sairá no mes de xuño.

**Proxectos de traballo e investigación** Ao longo do curso, a biblioteca tamén estivo presente en estreita colaboración cos dous proxectos deste ano: Coñecemos o noso ecosistema “Descubrinto a Pobra”, tema que se traballou dende o programa de voz Natura e Manuel María.

Iniciáronse nesta sesión os traballos de investigación. Traballamos ao longo do curso sobre a vida e obra de Manuel María. No primeiro trimestre visitamos a súa casa museo en Outeiro de Rei. Buscamos en internet para escoitar a súa voz e coñecer a súa vida, escoitamos aos Mestres que o coñeceron, e participamos na elaboración do calendario Estiño que este curso llo adica a Manuel María. A nós tocounos a súa etapa en Monforte.

No segundo trimestre visitounos Xosé Lois García, falounos de Manuel María e organizamos o seu recuncho na biblioteca.

No terceiro trimestre limos varias obras deste escritor, Os soños na gaiola, e organizamos a semana cultural e o festival entorno á figura do escritor.

Así contamos cun compendio de actividades que recolleremos nun manual sobre Manuel María.

O outro proxecto o noso ecosistema, en relación co programa para este curso de Voz Natura tamén atopou o seu eco na biblioteca.

O alumando atopu aquí e nas súas familias (que colaboraron aportando información) o lugar para buscar información e traballar para coñecer o noso ecosistema, coidalo e protexelo.

Realizamos consultas para coñecer a xeografía do noso concello, a flora, a fauna e o clima, facendo especial mención aos animais e as prantas entroncando este traballo coas áreas de C. Sociais e C. Naturais.

#### **4.- PLAN DE ACTUACIÓN DESENVOLVIDO**

##### **4.1.- Medidas e actuacións para o desenvolvemento do plan lector.**

Tendo en conta os obxectivos marcados para a mellora da competencia lectoescritora do alumnado do noso centro, durante os próximos cursos propoñémonos levar a cabo as seguintes actuacións:

- LECTURA DIARIA EN CLASE: Tal e como vimos facendo ata agora, continuaremos coa lectura diaria nas clases, tanto de libros propios dela (Educación Infantil e Primeiro Ciclo, con realización de actividades de lectura comprensiva), como dos libros de texto. Os alumnos/as lerán en voz alta o texto do libro, procurando que interveñan todos de un en un, mentres os demais compañeiros/as seguen a lectura procedendo á súa posterior explicación, tanto por parte do alumnado como do profesor ou profesora que os atenda nese intre. Este tipo de actividade axúdalles a recoñecer as ideas principais dos textos e a saber relacionar a distinta información. Tras a lectura, sobre todo na área de Coñecemento do Medio, procederáse á elaboración dun resumo, esquema ou mapa conceptual do lido.
- LECTURA NA BIBLIOTECA: Dedicarase unha hora á semana para cada grupo, como mínimo, para realizar lecturas no espazo da biblioteca de calquera tipo de textos, habituando aos alumnos e alumnas ás normas básicas que é necesario cumprir cando acudimos a unha delas, sexa a escolar, a municipal ou calquera outra. Está previsto que a colocación dos fondos bibliográficos na biblioteca se faga por ciclos a modo de recunchos.
- HORA DE LER: esta actividade desenvólvese dende o mes de outubro. Nela implicouse todo o Claustro, e en acordo do mesmo quitámoslle cinco minutos a cada sesión da mañá e do recreo. Deste xeito acadamos 20 minutos nos que de 11:45 A 12:05 (xusto despois do recreo) todo o centro le diariamente. Para poder contar con recursos suficientes na aula, contamos co *“maletín viaxeiro”*. Unha caixa con rodas que leva na parte superior guimariño, e que cada profesor titor equipou na biblioteca. O material deste maletín cambiouse por trimestres. Deste xeito creamos nas aulas o recuncho da hora de ler, no que tamén estaba o poster deste ano das bibliotecas escolares.

- A MOCHILA VIAXEIRA: Esta mochila contén material diverso. Contos, poesía en castelán e galego, material informativo para as familias de comer saudable co fin de asimilar a importancia da alimentación sana, a guía do peón ... material audiovisual de carácter informativo. Foi unha actividade moi ben acollida polas familias que se implicaron moi positivamente.

-CONTACONTOS: Sesión de contos Coa escritora e ilustradora Estefania Padullés

-TALLERES CREATIVOS: Co fin de colaborar nas distintas seccións da revista escolar propómonos levar a cabo talleres creativos de poesía, narrativa e de teatro. Na festa fin de curso, as obras de teatro elaboradas poranse en escea para que toda a Comunidade Educativa poida gozar delas.

-CELEBRACIÓNS E EFEMÉRIDES: Tanto o día das Letras Galegas, coma a semana da prensa, día das bibliotecas escolares, así como a homenaxe a personaxes importantes do mundo da arte, celebrarémolo con distintas actividades.

-EXPOSICIÓNS: Todos os materiais que se elaboraron ao longo do curso, expóranse para dalos a coñecer a toda a Comunidade Educativa, podendo permanecer algúns durante todo o trimestre e outros durante a semana na que se celebre a efeméride traballada. Con iso, pretendemos dar proxección social ao traballo realizado no centro, con respecto ao Proxecto Lector.

- BIBLIOTECA VIRTUAL: Esperamos poder contar con maior soporte informático ao longo destes cursos, para poder levar a cabo cos alumnos actividades de animación á lectura axudados de soportes multimedia.

-EDICIÓN DA REVISTA ESCOLAR OUTEIRO; Este ano é o número trinta e dous

## **5.- AVALIACIÓN**

A avaliación do traballo foi continua ao longo de todo o proceso.

Non obstante, distinguimos tres momentos: avaliación inicial, continua e final. Na avaliación inicial analizamos a situación da biblioteca e puxéronse ao día os membros novos do grupo. Na avaliación continua trátase de ir avaliando o plan a medida que o imos desenvolvendo, para ver ata que punto funciona e se cómpren cambios. A partir da observación diaria e do diálogo. Finalmente na avaliación sumativa ou final valoráronse todas as actividades levadas a cabo, así como o

cumprimento dos obxetivos propostos, a introduccións de modificacións no proxecto e propostas de mellora a cerca do proxecto.

En cada reunión os membros do claustro de formación tratamos de valorar de forma obxectiva cada actividade programada, adaptándoa na maior forma posible á realidade do centro, ás circunstancias do alumnado e aos obxetivos propostos.

*Criterios de avaliación:*

- Valoración das actividades desenvolvidas por todos os membros do grupo de traballo así como a implicación no mesmo
- Estimación da calidade dos materiais realizados ao longo do desenvolvemento do proxecto
- Comprobase a repercusión do proxecto na práctica educativa docente
- Valoración dos métodos empregados para levar a cabo todo o proxecto:  
Compróbase se a distribución de traballo entre os membros do grupo é a axeitada.  
Tivemos en conta o traballo en equipo  
Traballo coordinada e cooperativamente
- Reflexar o grado de satisfacción do grupo co traballo realizado  
Consecución ou non dos obxetivos que previamente nos plantexamos coa realización deste proxecto
- Certifícase a correcta organización dos recursos humanos e materiais  
Grado de participación do profesorado para o desenvolvemento do proxecto  
Grado de participación do persoal non docente  
Comprobar se os materiais foron os suficientes ou pola contra se necesitan máis, tanto de tipo funxible, informático como bibliográfico
- Verificar a incidencia do proxecto no noso alumnado

Adxuntamos a continuación unha parte da enquisa de avaliación da ponencia de do proxecto de formación que acaba de finalizar.

O QUE FIXEMOS BEN	O QUE DEBEMOS MELLORAR
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implicar aos pais/nais coa súa participación nalgúns momentos.</li> <li>• Traballo en equipo</li> <li>• Posta en práctica as ideas que foron xurdindo</li> <li>• Ilusión con se afrontou o proxecto</li> <li>• A resposta do alumnado cara o traballo proposto.</li> <li>• Traballar con ilusión e implicar a toda a Comunidade Educativa.</li> <li>• O Clima de unión do claustro</li> <li>• Amosamos entusiasmo en todas as propostas.</li> <li>• A posta en marcha na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguir intentando que o alumnado utilice máis a biblioteca</li> <li>• Informatización de todos os fondos da biblioteca</li> <li>• Implicar e motivar máis ao alumnado na vida e no día a día da Biblioteca</li> <li>• Compromiso como grupo á hora de participar nas actividades acordadas.</li> <li>• Rematar a xestión informática da biblioteca e aproveitar todas as posibilidades do Meiga.</li> <li>• Carnets de biblioteca para os usuarios.</li> </ul>

### **GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS:**

En xeral tendo en conta a reflexión das necesidades plasmadas no proxecto e que foron subsanadas, podemos dicir que o grado de consecución dos obxectivos foi moi bo, aínda que hai que dicir que queda camiño por andar, e algunhas actuacións importantes para levar a cabo cara o curso que vén.

Dentro dos obxectivos plasmados no noso proxecto, acadáronse a maioría deles, se ben pasamos a comentar os que se lograron en menor grado, así como as previsións cara o curso que vén a fin de acadalos e seguir a medrar.

No verán do curso 2008/09 lévanse a cabo as reformas que lle dan un cambio profundo á biblioteca escolar. Agora, xa no curso 2013/14 contamos cun espazo

axeitado para a biblioteca, xa que tanto as estanterías como as mesas están organizadas e distribuídas.

## **GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Nas actividades desenvolvidas así como no propio proxecto implicouse e participou sempre o Claustro de profesores. O equipo de biblioteca constituíuse con aqueles profesores que contaban algunha liberación horaria.

Este curso académico o equipo de biblioteca estivo composto por catro mestres:

Adoración Fernández González, contou con tres horas para esta actividade  
Félix Gómez Gómez, unha hora,  
Óscar Gallardo Amiama, unha hora  
Belén Maseda Quiroga, unha hora.

Consideramos necesaria máis liberación para a adicación á biblioteca pois o pois a dificultade máis destacada para o desenvolvemento do Plan Lector foi o escaso horario do que dispoñemos para esta tarefa.

O alumnado, respostou sempre moi positivamente en torno ás actividades relacionadas coa biblioteca, @s [nen@s](#) e [nen@s](#) do 3º ciclo colaboraron na colocación dos libros seguindo con interés as orientacións e os criterios que os mestres lles dabamos para esta tarefa.: Galego, castelán, ciclos, cómic, enciclopedias.....

As familias colaboraron realizando sesións de contacontos e tamén en actividades como a mochila viaxeira.

A biblioteca é hoxe a aula máis acolledora e atractiva do colexio. Neste logro implicámonos todos: profesorado, [alumn@s](#) e ata o persoal laboral, xa que no tempo libre a coidadora tamén colaborou na colocación da biblioteca.. A biblioteca é un recurso valioso para [tod@s](#) e o seu cuidado será tamén unha tarefa na que nos implicamos [tod@s](#).

## **GRAO DE INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINANZA APRENDIZAXE..**

Durante este curso colocamos de novo os recunchos e organizámoslos por ciclos e temas: libros de lectura, material de consulta...



Un dos primeiros recunchos en colocar foi o das enciclopedias e material de consulta, de xeito que inda que non estivese moi apta para traballar alí, si se puidese consultar o material e levalo para as aulas.

Seguirase a facer divulgación do material da biblioteca, realizaranse sesións de formación aos usuarios para que poidan usar o Meiga e facer consultas dos fondos existentes ou de servizos de préstamos.

Este mesmo servizo pretendemos que o cumpra a biblioteca destinando no horario do profesorado unha hora para cada materia na biblioteca a fin de que se potencie o seu uso, e se faga tamén dun xeito coordinado.

A biblioteca está sempre presente nas actividades de celebracións, nas que se colabora con algunha proposta de investigación ou creatividade en torno ao tema a celebrar.

Paralelamente o profesorado conta cun horario destinado ao seu curso no que pode ir á biblioteca para rematar calquer tarefa no que o alumnado necesite completar a formación ou simplemente adicala á lectura.

Todos os cursos acudiron como mínimo unha hora semanal á biblioteca na hora de plan lector, adicada especialmente á lectura e actividades de dinamización da lectura e escritura.

A biblioteca estivo presente e foi un pilar básico para desenvolver os Proxectos do centro: Voz Natura "Descubriendo a Pobra". Manuel María. A biblioteca encargase de ofrecer o material de consulta para poder crear recunchos e contar coas fontes de información para os traballos de investigación